

CONT. AUSA 03/04/17



Data Registro 30/03/2017 11:55:42

Nº Registro 2017005896

RECIBO

SME/acfl
Esp. 76/2016

Concello de Cambados
Praza do Concello nº 1
36630 - Cambados

CAMBADOS
REGISTRO ENTRADA
2017-E-RC-1982
03/04/2017 14:04



Achego, a efectos da súa exposición no taboleiro de anuncios, Resolución de incoación de expediente sancionador nº 76/2016 dictada fronte a D. Alfredo Cores Campelo, xa que tentada a notificación persoal no seu último enderezo coñecido, a mesma non se puido levar a cabo.

Pontevedra, 28 de marzo de 2017,
A Xefa dos Servizos Administrativos
de Mobilidade.



Sonia Mateos Escudero

RESOLUCION DE INCOACION DE EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 76/16

INFRACCIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO USO E DEFENSA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS (B.O.P. nº 11 de fecha 16/01/1996).

PRESUNTO RESPONSABLE: D. Alfredo Cores Campelo on domicilio en *Cambados, lugar de A Bouza nº 98 (36639)*

FEITO DENUNCIADO: *“Construcción dun muro de formigón a unha distancia de 3,30 metros do eixe da estrada provincial E.P. 9006 Bouza – O Facho, incumplindo as condicións da licenza 2016001836.”.*

CONCELLO: *Cambados*

PRECEPTOS INFRINXIDOS: Artigos 7 e 12 da Ordenanza Reguladora do Uso e Defensa das Estradas Provinciais (en diante O.R.U.D.E.P.)

Considerando que as actuacións previas nun Procedemento Sancionador teñen por obxecto coñecer coa maior precisión posible os feitos realizados, a identificación das persoas que poidan resultar responsables e as circunstancias do caso concreto para determinar a conveniencia ou non de iniciar o Procedemento sancionador, e vistas as alegacións presentadas por **D. Alfredo Cores Campelo**, no Rexistro Xeral da Deputación os días 3 e 4 de agosto de 2016, que non achegan novos datos respecto diso, poño no seu coñecemento os seguintes feitos:

1. Mediante denuncia levantada por persoal de vixilancia da zona, puxéronse en coñecemento do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, os seguintes feitos:

“Construcción dun muro de formigón a unha distancia de 3,30 metros do eixe da estrada provincial E.P. 9006 Bouza – O Facho, incumplindo as condicións da licenza 2016001836”

2. Os feitos denunciados poden ser constitutivos de infracción administrativa GRAVE, de conformidade coa tipificación establecida nas seguintes disposicións:

- Artigo 19.4a) da O.R.U.D.E.P.
- Artigo 61.2b) da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia

3. Para as infraccións cometidas e sen prexuízo do que resulte da ulterior instrución, poden corresponder as seguintes sancións:

Infracción considerada como **GRAVE** sancionable con multa de ata **10.000 €** de acordo co artigo 66.1 b) da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, coa obrigaón de restituir o medio físico ao seu estado anterior e indemnización dos danos e prexuízos causados.

4. Medidas provisionais. De acordo co establecido no artigo 55.1 de a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia ordénase a paralización inmediata das obras ou usos que se están executando mentres non se resolva este expediente.

5. O órgano competente para acordar a iniciación e resolución deste expediente sancionador é o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 24 da Ordenanza Reguladora do Uso e Defensa das Estradas Provinciais.

6. De acordo co sinalado na disposición adicional segunda da Lei 6/2001, de 29 de xuño, en relación co disposto no parágrafo terceiro do artigo 34 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas e Camiños, o prazo máximo no que debe notificarse a Resolución expresa do presente procedemento será de doce meses.

Vistas as disposicións citadas, e en virtude do artigo 13 do Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora,

RESOLVO

Primeiro.- Incoar expediente sancionador a *D. Alfredo Cores Campelo* para determinar as responsabilidades en que puidese incorrer como consecuencia dos feitos imputados e para a aplicación das sancións que procedan por presunta infracción da O.R.U.D.E.P. e da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Noméase Instrutor deste expediente sancionador a D^a Sonia Mateos Escudero e Secretario a D Andrés Fernández Lucas, aínda que polos interesados poderase promover recusación de conformidade co establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Terceiro.- Notifíquese este acordo de incoación de expediente sancionador ao presunto responsable coas indicacións que procedan; e comuníquese ao Instrutor e Secretario con traslado de cantas actuacións existan respecto diso.

O que notifico a Ud. como presunto responsable, facéndolle saber o seguinte:

1. Contra este acordo de incoación pode presentar alegacións e tomar audiencia no procedemento no prazo de 15 días, así como achegar os documentos e informacións que estime convenientes para a súa defensa e, no seu caso, propor proba concretando os medios

de que pretenda valerse (artigo 23 da O.R.U.D.E.P., artigo 16 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, e o artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de non presentar alegacións no prazo establecido, este acordo poderá ser considerado Proposta de Resolución aos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.


2. Unha vez iniciado o Procedemento Sancionador, se o inculpado recoñece a súa responsabilidade nos termos expresados neste documento, poderase resolver o expediente coa imposición da sanción que proceda.

3. Cando a sanción teña exclusivamente carácter pecuniario, o pago voluntario polo imputado en calquera momento anterior á resolución, poderá implicar a terminación do procedemento.

4. O Procedemento Sancionador desenvólvese de acordo co principio de acceso permanente, xa que logo, en calquera momento, os interesados teñen dereito a coñecer o estado da tramitación e acceder aos documentos contidos no mesmo así como a presentar os documentos e formular as alegacións que estimen oportunas.

Pontevedra 8 de marzo de 2017,
O Deputado Delegado,

Uxío Benítez Fernández,



D. Alfredo Cores Campelo
Lugar de A Bouza nº 98
36639 - Cambados